

FUNDAMENTOS DA ARTE II

Como realizar a **análise comparativa** de dúas obras de arte.

- 1. Situar aos artistas propostos no seu marco histórico** (*avaliación de 0 a 4 puntos*).
 - Podes facer unha referencia biográfica do autor sempre relacionándoo coa época.
 - Neste apartado hai que facer referencia á época ou momento histórico no cal se realizan as obras que son obxecto de análise, enumerando os feitos históricos, culturais, sociais... que puideron influír directamente na realización das obras.
 - Nalgúns casos, podes facer mención de como xorde o movemento no que se inscriben as obras.
- 2. Comentar as diferenzas estilísticas, temáticas e formais** (*avaliación de 0 a 4 puntos*).
 - Nesta parte do exame, tedes que observar as características "do estilo/autor" que presenta cada obra e utilízalas para elaborar a análise formal das mesmas.
 - Ademais tedes que facer mención de cal é o tema que presentan as obras en cuestión e comentar que outros temas se trataban no movemento (ou trataba o autor).
 - Tamén é importante mencionar algunha outra obra do autor, a outros autores do movemento, cales foron os seus referentes e a que outros artistas puideron influír.
- 3. Facer unha reflexión persoal das obras propostas atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e á actitude expresiva do artista** (*avaliación de 0 a 2 puntos*)
 - Neste apartado é importante que argumentedes a vosa opinión persoal con "*fundamentos da arte*".
 - *Un estratexia que podedes empregar é ver que elementos/aspectos teñen en común as dúas obras e a partir de aí comezar a vosa reflexión.*
 - *Outra opción é analizar simbólicamente as dúas obras. Podésvos atopar con obras cun claro contido simbólico e outras nas que teredes que "ler" a simboloxía de aspectos coma a cor, a composición, o tema...*
 - *Pensade que na análise formal hai que expresar o que se ve claramente nas obras e neste apartado hai que intuír/deducir o que o autor pretende transmitir: coa súa maneira de pintar, co tema escollido, ca elección da cor...*
 - *Por último, lembrade que neste punto podedes intentar incluír o que non reflectistes nos outros apartados, fundamentando a vosa opinión con feitos verídicos.*